

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DA MATERIA

# VÍOLÍN

TERCEIRO TRIMESTRE DO CURSO 2019-2020

JUAN BARBERO CANELO

Debido á situación excepcional provocada polo Covid-19, e seguindo as instrucións do 27 de abril de 2020 da Dirección Xeral de Educación, Formación profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes de Galicia, procedemos á adaptación das programacións didácticas para este terceiro trimestre, tendo en conta que nos centraremos no reforzo, repaso e recuperación do 1º e 2º trimestre, así coma na profundización e ampliación daquelas aprendizaxes necesarias para que o alumando continúe satisfactoriamente co seu proceso educativo.

1. OBXECTIVOS
2. CONTIDOS
3. METODOLOXÍA
4. CRITERIOS DE AVALIACIÓN
5. PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN
6. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN
7. ATENCIÓN ÁS MATERIAS PENDENTES
  - A. CRITERIOS DE AVALIACIÓN
  - B. PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN
  - C. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

## 1. OBXECTIVOS:

- Continuar coa adquisición dos elementos da técnica violinística mediante a exercitación de escalas así como de estudos.
- Profundizar na lectura das obras traballadas no anterior trimestre.
- Traballar a adquisición de elementos de fraseo, articulación, diferenciación de estilos e expresividade.
- Entender os mecanismos de memorización dunha das pezas traballadas durante o curso.
- Lograr a mellora da relaxación.

## 2. CONTIDOS:

- Exercicios de técnica violinística:
  - +3º de Grao Elemental: escalas e arpechos de Re Maior dúas oitavas), estudos de F. Wohlfahrt.
  - +1º de Grao Profesional: escala e arpechos de Sol Maior (tres oitavas), estudo de dobres cordas (E. Polo).
  - +2º de Grao Profesional: escalas e arpechos de Mi Maior (diferentes esquemas de arco).
  - +4º de Grao Profesional: escalas e arpechos de sol Maior (tres oitavas), estudo de dobres cordas (E. Polo).
  - +6º de Grao Profesional: escalas e arpechos de Mi Maior e Mi menor (tres oitavas), estudo de dobres cordas (E. Polo).
- Catro obras ou movementos de diferentes estilos.
- Fraseo, articulación, estilo e expresividade.
- A memorización.
- Técnicas de concienciación corporal: A relaxación física e mental, hábitos posturais e respiración.

### 3. METODOLOXÍA:

Debido á situación sanitaria actual a metodoloxía, sempre práctica, consiste na realización das clases mediante videoconferencia, na cal o alumno practica as pezas coa supervisión do profesor.

### 4. CRITERIOS DE AVALIACIÓN:

A avaliación será contínua e relativa á consecución dos obxectivos nas pezas que foran comezadas a traballar antes do período de confinamento. Terase en conta o traballado no período anterior, e únicamente as actividades realizadas durante o terceiro trimestre que favorezan ao alumnado.

### 5. PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

A comprobación das cualificacións dos anteriores trimestres e a valoración do desenvolvemento das clases telemáticas.

### 6. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

A nota final será a obtida no segundo trimestre, agás naqueles casos nos que o desenvolvemento das clases mellore dita cualificación.

### 7. ATENCIÓN ÁS MATERIAS PENDENTES

Non hai medidas de recuperación ó considerarse que xa está recuperada a materia pendente.